

ATOPEINO NO HORREO

UN CONTO DE
FRANCISCO NARLA





Tiña as orellas todas bicudiñas, coma se de tanto fedellar lle turrasen delas un pouco máis...

Nin o podía crer.

Eu pensei que tiña ratos a estragar o millo do hórreo, e eu pensei que ben podía atrapalos.

E non eran ratos... Era un trasno!

Alí o estaba; pequeniño, con guedellas louras, crechas e enmarañadas, de ollos azuis, cun queixo afiado coma navalla de vello, un nariz cheo de pencas e unhas orelliñas todas bicudas. Miraba para min coma enfadado, todo dereito, cos brazos cruzados no peito e movendo de arriba para abaixo a puntaña dun pé cunha zoca que, de tan pequena, nin de dedal servía.

— Chámome Nuadu e andaba na túa procura. Oín que falabas de nós nas túas historias, é verdade?

— De... de vós? — conseguín dicir apagando o abraio.

— Si — contestou, sinalándose nun xesto coma o voar dun cabaliño do demo —, dos trasnos, das meigas, dos lobishomes, das fadas dos ríos... E aínda deses tolambráns da Santa Compañía.

— Pois si, é certo, faima chiste recordar os contos que miña avoa me dicía polas noites a carón da lareira. Mais non sempre falo... escribo de... de vós...

— Pois deberías. Deberías porque a xente comeza a esquecerse de que andamos por aí, deberías — E movía a súa cacholiña guedelluda dun lado para outro —. Deberías porque os nenos de hoxe en día xa non saben de nós... Deberías porque somos



moitos e non queremos que nos esquezan —dixo mirándome dereitiño—. Escoita, vouche dicir do que escribires. Antonte andaba eu sen nada que facer e sentei no valado ese da tenza que hai ao leste da carballeira da outra beira do río, por onde pasa a correioira. Cando sentei saía o sol e pasei todo o día alí, ata o entrar da noite. E sabes a quen vin? —non agardou pola miña resposta—. Aínda de amañecida pasou unha cabra con tres cornos que buscaba unha serra e, deseguido, unha serpe de vinte furcos cun cuxo que lle avultaba na tripa chea. Rosmaba non sei que de volver á súa cova a durmir e non sei que lerias duns namorados que lla andaban a ocupar. E despois apareceu unha vaca cun berce nas costas que me preguntou pola lagoa de Doniños, e tras a vaca unha ánima que ía berrando a todo berrar non sei que historias de ter ido en vida a Santo André de Teixido —Movía as mans, facendo cabriolas no ar—. E antes de que o sol chegase ao mediodía pasou unha meiga vella buscando aro e outra nova que andaba á procura de cogomelos. Antes de xantar apareceu unha moura que, en pago por indicarlle por onde se ía á fin do mundo, regaloume un roliño de fío que me prometeu que nunca se acabaría mentres non me visen coser con el. E despois chegou un pastor sen ovellas e sentou comigo, compartimos viño dunha bota furada e comemos queixo de leite de poutarela. E cando marchou o pastor e pensaba eu en botar unha soneca, apareceu unha curuxa e pediume unha moeda de tantalantán a cambio de adiviñar o meu futuro, e aínda que lle dixen que non quería nada, advertiume de que se no San Xoán non saltaba o lume tería mal de ollo.

Parou por un momentíño, coma se pensase na advertencia da curuxa.

—E iso non foi todo —continuou—, entón pasou unha sardiña toda emporcallada que contaba como a desenterrara unha muller que a levaba con ela cara ao mar. A sardiña quería ir xogar á brisca cunha anguía e a muller quería coller nove ondas na Lanzada a ver se quedaba preñada. E despois vin a pan-

tasma de Prisciliano que ao decatarse de que eu andaba alí sentado sen nada que facer enredouse a falar comigo, dicindo que volvía de Compostela moi desgustado. E xa cando a tarde folgaba, pasou cara ao río, mascando unha cacheira, un lobishome que viña de escarnizar uns porcos. E pouco lle faltou para cruzarse cun canteiro torto que levaba dous escornasaias para a cheminea do pazo porque, díxome, o marqués tenlles medo ás bruxas. Logo achegouse ao valado un lagarto sen rabo que levaba cartos prendidos no pescozo e, como xa se achegaba a noite, foime comer un moucho todo preto. Despois cruzou un cabaleiro que ás miñas preguntas contestou que ía ao Cebreiro a levar o Santo Grial por mor dunha promesa. E xa de noite chegaron ouvendo os tolambráns da Santa Compañía e, por non aturalos, marchei...

E despois de coller un pouco de ar seguiu falando:

—E agora vai escribir, que eu teño que apañar algo de millo e sempre me trabuco ao contar os graos... —E deu volta coma se eu xa non estivese.

E eu quedei caladiño e abraiado. Obediente, marchei, e deseguido empecei a escribir estas liñas, esperando volver ver o trasno Nuadu.

Galiza é máxica, non o esquezamos.



Aira

© Francisco Narla
Ilustración de Miguel Robledo